

As palabras de Mónica.
Escoitade a súa música,
arrivan polo vento, polo mar, polos soños, polo tempo...
Todo un ronsel coral doce melódico tenro musical
a resoar a ecoar a zoar
polos recunchos do Uni(verso).

Palabras que agroman desde San Miguel de Deiro no vizoso
Val do Salnés

(con denominación de orixe Rías Baixas)

arroladas polo Mar de Arousa.

As palabras de Mónica.
Escoitade a súa música!
Escoitádeas!
Polo fondo do vento,
pola beira do mar,
rubindo ata o cumio dos soños,
atravesando as estradas do tempo.

Versos e bolboretas. Soños de neno. A Vendima das
palabras. *Just the best.*

Só as mellores. A palabra traballada, labrada, podada,
regada, agarimada, enfeitizada, recitada, a palabra
cantada. Palabras. Catedrais da poesía. Polifonía de cores.
Fragancia delicada. As palabras, saborosas, afroitadas,
sinxelas, xenuínas, orixinais, auténticas *je veux dire...*

As palabras de Mónica
póusanse sobre sobre nós
mainiñas
deixando nos nosos corazóns
un pouso,
unha ardentía de ledicia.